

Vigo, 5 de Noviembre de 1982.

V. PAZ-ANDRADE

ABOGADO

Policarpo Sanz, 22-2.^o

VIGO

pa/fr.

Sr. Don

C/12-N

XOSE MARIA MONTERROSO DEVESA
Ramón de la Sagra, 8-8^o D
A CORUÑA

Querido Monterroso:

Chegáume a sua do 3, que moito lle agradezo. As probas do libro foron correxidas varias veces. Duas en Vigo e unha por min e un segredario meu na propia editorial. Penso, como Vde., que ésta derradeira corrección nos se fixo nas matrices, porque se botaba enriba o Dia das Letras Galegas e queria-se aproveitar a data. O índice onomástico non pude facelo eu, nin correxilo.

Dínme conta da omisión cando xa a tirada estaba feita. Despois en lecturas soltas e parcias, fun anotando correccións. Ben para a segunda edición en galego que supoño próxima, ben para a castelán que fixo del Riego e xa está n-unha editorial de Madrid.

Moitas gracias pol-a laboura de axuda, tan coiddosa, e pol-a loubanza que me adica.

Con unha aperta fonda e cordial de,

